

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 13 DE ABRIL DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS	Interventor: BAO CASTRO PABLO
Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: BRION SANTAMARIA JUANA MARIA

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Trece de Abril do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 07/04/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202204/041

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/04/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE BARROSAS (CARREIRA)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202204/042

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/04/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DE BEIRARRÚAS E CALZADA NUN TRAMO DE AVENIDA RAMIRO CARREGAL REY. POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202204/043

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 05/04/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES (OLVEIRA)””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202204/063

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 06/04/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO “SERVIZOS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS DE APOIO Ó PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL MUNICIPAL””

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE DOUS POSTOS DE VENDA AMBULANTE – DANIEL DÁVILA MARTÍNEZ

Visto o escrito presentado por **Daniel Dávila Martínez**, de data 06/04/2022 (Rexistro de entrada nº 6.604), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante de 3 m. (rosquillas). O primeiro os días 9, 10, 14, 15, 16 e 17/04/2022, situado na Avenida do Malecón (Ribeira), fronte a establecemento “Nespereira”; e o segundo o día 14/04/2022, na Praza da Porta do Sol (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Daniel Dávila Martínez** para a instalación de dous postos de venda ambulante de 3 m. (rosquillas). O primeiro os días 9, 10, 14, 15, 16 e 17/04/2022, situado na Avenida do Malecón (Ribeira), fronte a establecemento “Nespereira”; e o segundo o día 14/04/2022, na Praza da Porta do Sol (Ribeira).
- Esta autorización queda supeditada á autorización do cura párroco de Santa Uxía de Ribeira (D. Alfonso), debido aos posibles actos que se celebren en relación coa Semana Santa**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.



- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – EVA MARÍA PETROVICH DÍAZ

Visto o escrito presentado por **Eva María Petrovich Díaz**, de data 07/04/2022 (Registro de entrada nº 6.770), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e mojitos), os días 15 e 16/04/2022, situado en Castiñeiras, co motivo das festas de Pascua.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva María Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e mojitos), os días 15 e 16/04/2022, situado en Castiñeiras, co motivo das festas de Pascua.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE (AMÉNDOAS) -JULIA ZAPATA ACK

Visto o escrito presentado por **Julia Zapata Ack**, de data 12/04/2022 (Registro de entrada nº 7.124), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 5 m. (amendoas), os días 13, 14, 15, 16 e 17/04/2022, en Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Julia Zapata Ack** para a instalación dun posto de venda ambulante de 5 m. (amendoas), os días 13, 14, 15, 16 e 17/04/2022, en Ribeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE (PIZZAS) – JULIA ZAPATA ACK

Visto o escrito presentado por **Julia Zapata Ack**, de data 12/04/2022 (Registro de entrada nº 7.128), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (pizzas), os días 15 e 16/04/2022, situado en Castiñeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Julia Zapata Ack** para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (pizzas), os días 15 e 16/04/2022, situado en Castiñeiras.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS DE TEMPADA DE VERÁN (ANOS 2022, 2023, 2024 E 2025).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Expediente de licitación que se tramita para a adxudicación, pola vía de urxencia, de cinco postos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025.

O “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022, 2023, 2024 E 2025”, foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de xaneiro de 2022, e nese mesmo acordo se aprobou o expediente e se dispuxo a apertura do procedemento de licitación.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 23, de data 3 de febreiro de 2022, nos taboleiros de anuncios do Concello de Ribeira e na páxina web oficial.

Da consulta efectuada no Registro de Documentos de Entrada e da documentación obrante na Oficina de Medio Ambiente, se conclúe que entre as datas do 4 de febreiro e o 17 de febreiro de 2022 presentaron oferta na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas ou empresas:

- Verónica Elena Nogueira Carrera, DNI 36106537X, oferta rexistrada de entrada con data 9 de febreiro de 2022, núm. 2.369.*
- José Ángel Rodríguez Álvarez, DNI 52936489B, oferta rexistrada de entrada con data 9 de febreiro de 2022, núm. 2.428.*
- Dino René Vivanco Vilches, DNI 54545399W, oferta rexistrada de entrada con data 10 de*



febreiro de 2022, núm. 2.465.

4. Grupo Bacoga Galicia, S.L., CIF B15497142, oferta rexistrada de entrada con data 14 de febreiro de 2022, núm. 2.681.

5. Continentes Expansión, S.L., CIF B15794076, oferta rexistrada de entrada con data 14 de febreiro de 2022, núm. 2.684.

6. Pablo Pérez Escariz, DNI 44839099R, oferta rexistrada de entrada con data 15 de febreiro de 2022, núm. 2.764.

7. Jonathan Romay Moraña, DNI 52939848N, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.810.

8. Aarón Sampedro Vicente, DNI 53795306P, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.815.

9. Roberto Sieira González, DNI 53485065Z, oferta rexistrada de entrada con data 16 de febreiro de 2022, núm. 2.821.

10. Cristina Rey Vilar, DNI 53797171X, oferta rexistrada de entrada con data 17 de febreiro de 2022, núm. 2.943.

A Mesa de Contratación (en adiante Mesa), en sesión celebrada en data 4 de marzo de 2022, procedeu a realizar a apertura pública dos sobres coas ofertas presentadas, e á lectura e estudo da documentación aportada, clasificando provisionalmente as ofertas recibidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado.

As dúas sociedades participantes no procedemento non achegaron a documentación xustificativa da representación, nin copia do DNI do representante, efectuouse requirimento de emenda a Continentes Expansión, S.L. (escrito de data 4 de marzo de 2022, saída núm. 1.077) e a Grupo Bacoga Galicia, S.L. (escrito de data 4 de marzo de 2022, saída núm. 1.078), outorgándolles un prazo para presentar a documentación.

A Mesa, en sesións celebradas nas datas do 17 e do 28 de marzo de 2022, procedeu a examinar toda a documentación obrante no expediente, incluída a achegada por José Baliña Mourelle, actuando en representación de Grupo Bacoga Galicia, S.L., mediante escritos de datas 9 de marzo de 2022 (entrada núm. 4.403), 21 de marzo de 2022 (entrada núm. 5.197), e 24 de marzo de 2022 (entrada núm. 5.377); acordando admitir a oferta presentada pola sociedade Grupo Bacoga Galicia, S.L., excluír do procedemento á sociedade Continentes Expansión, S.L., e clasificar as ofertas admitidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada en data 30 de marzo de 2022, acordou admitir a oferta presentada pola sociedade Grupo Bacoga Galicia, S.L. en base á xustificación aportada en relación coa representación, excluír do procedemento á sociedade Continentes Expansión, S.L., e clasificar as ofertas admitidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado, coa seguinte proposta de adxudicación:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros



NOTIFICACIÓN AOS ADXUDICATARIOS PROPOSTOS

- Escrito de data 31 de marzo de 2022 (saída núm. 1.697), dirixido a Roberto Sieira González, mediante o que se lle achega copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa proposta de adxudicación e se lle require a presentación da fianza. Notificación de data 31 de marzo de 2022.
- Escrito de data 31 de marzo de 2022 (saída núm. 1.698), dirixido a Verónica Elena Nogueira Carrera, mediante o que se lle achega copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa proposta de adxudicación e se lle require a presentación da fianza. Notificación de data 31 de marzo de 2022.
- Escrito de data 31 de marzo de 2022 (saída núm. 1.702), dirixido a Grupo Bacoga Galicia, S.L., mediante o que se lle achega copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa proposta de adxudicación e se lle require a presentación da fianza. Notificación electrónica de data 1 de abril de 2022.
- Escrito de data 31 de marzo de 2022 (saída núm. 1.706), dirixido a Dino René Vivanco Vilches, mediante o que se lle achega copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa proposta de adxudicación e se lle require a presentación da fianza. Notificación de data 1 de abril de 2022.
- Escrito de data 31 de marzo de 2022 (saída núm. 1.707), dirixido a Pablo Pérez Escariz, mediante o que se lle achega copia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en relación coa proposta de adxudicación e se lle require a presentación da fianza. Notificación de data 4 de abril de 2022.

PRESENTACIÓN DE FIANZAS

Na data de elaboración desta proposta constan no expediente as seguintes cartas de pago:

- Carta de pago a nome de Verónica Elena Nogueira Carrera, de data 1 de abril de 2022, de constitución de fianza en metálico para responder de "Instalacións de tempada de verán (anos 2022, 2023, 2024 e 2025)", por un importe de 1.000,00 €.
- Carta de pago a nome de Roberto Sieira González, de data 4 de abril de 2022, de constitución de fianza en metálico para responder de "Instalacións de tempada de verán (anos 2022, 2023, 2024 e 2025)", por un importe de 1.000,00 €.
- Carta de pago a nome de Grupo Bacoga Galicia, S.L., de data 4 de abril de 2022, de constitución de fianza en metálico para responder de "Instalacións de tempada de verán (anos 2022, 2023, 2024 e 2025)", por un importe de 1.000,00 €.
- Carta de pago a nome de Pablo Pérez Escariz, de data 4 de abril de 2022, de constitución de fianza en metálico para responder de "Instalacións de tempada de verán (anos 2022, 2023, 2024 e 2025)", por un importe de 1.000,00 €.
- Carta de pago a nome de Dino René Vivanco Vilches, de data 6 de abril de 2022, de constitución de fianza en metálico para responder de "Instalacións de tempada de verán (anos 2022, 2023, 2024 e 2025)", por un importe de 1.000,00 €.

Vista a proposta de resolución emitida pola alcaldía, de data 11/04/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coas competencias que ten delegadas por decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 (ditado ao abeiro do artigo 21.3 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, de acordo co artigo 10.1 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*), **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**



Primeiro. Adjudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025, nas condicións sinaladas no prego reitor do procedemento e coas obrigas específicas recollidas no artigo 10 do prego:

ADXUDICATARIO/A	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros/tempada
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros/tempada
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros/tempada
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros/tempada
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros/tempada

Segundo. Notificar o acordo aos adxudicatarios, lembrándolles que disporán dun prazo de dez (10) días, dende a notificación do acordo, para efectuar o pago do canon correspondente á primeira anualidade.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 05.04.2022:

- 2525 11.02.2022 JUAN JOSÉ CRUJEIRAS PAZ, reforma de local para centro de entrenamiento personal, en rúa Marcial del Adalid, 4, baixo, Ribeira.
- 3603 28.02.2022 PATRICIA M. DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, cambio de ventanas, pintura y acondicionamiento de fachada, en Camiño do Rueiro, 14, Palmeira.
- 3702 02.03.2022 MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, cambio de teja en rúa Numancia, Palmeira.
- 3703 02.03.2022 MARIA ROSARIO EIRAS VALE, rehabilitación de fachada en Fafián, 2, Ribeira.
- 3709 02.03.2022 MARTA MERINO JIMENEZ, acondicionamiento interior de vivienda en rúa Dunas, 20, Corrubedo.
- 4185 07.03.2022 MANUEL ALBERTO BLANCO VIDAL, renovación de cubierta, carpintería y aislamiento en Bouciña, 29, Palmeira.
- 4264 08.03.2022 COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFICIO AGRO DO RIO, mejora de accesibilidad en edificio sito en Plaza de Pablo Neruda, 2, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 07.04.2022:

- 3814 03.03.2022 PAULA MÓNICA DA EIRA MACIEL, cambio de suelo, instalación y pintado de local, en rúa Rosalía de Castro, 32, Ribeira.
- 3708 02.03.2022 ALBERTO BARRAL AGRASO, arreglos en terraza interior, en rúa Plaza de España, 2-3, Ribeira.
- 4080 07.03.2022 JUAN MANUEL CHOUZA DORCA, piscina prefabricada, en Xebre, 14, Castiñeiras.
- 4091 07.03.2022 MÓNICA VILLASVERDE PENA, cambio de cubierta, en Avda. da Paz, 8, Palmeira.



12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Inmogalega 2006, S.L.

Visto o escrito presentado por Cesáreo Baldomero Fariña en representación de **Inmogalega 2006, S.L.**, de data 09/03/2022 (Rexistro de entrada nº 4.390), no que solicita información urbanística en relación a parcela situada en Abesadas, Ribeira (Ref. catastral: 15074A008010030000KF).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 05/04/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 15074A008010030000KF en el plano adjunto en Cubeliño que está clasificada como **SUELO URBANIZABLE (S.UZ.)**, con las siguientes determinaciones:

S.U.Z. 3

Denominación: Abesadas

Sector número: S.U.Z. 3

Iniciativa del planeamiento: Pública

Figura de planeamiento: Plan Parcial

Orden de prioridad: Segunda

Sistema de actuación: Cooperación

Superficie bruta del sector: 60.900 m²

Superficie del sector: 60.900 m²

Superficie neta del sector: 51.828 m²

Determinaciones para el planeamiento

*Uso global:

*Sistemas generales incluidos a efectos de planeamiento:

Viario: 9.072 m²

Espacios libres: m²

Equipamientos: m²

Total: m²

*Sistemas generales existentes en el sector: m²

*Intensidad de uso global medida sobre las áreas no ocupadas por sistemas generales:
1 m²/m²

*Aprovechamiento lucrativo máximo: 51.828 m²

*Densidad de referencia: viv/Ha

*Tipología de edificación: Residencial colectivo

*Uso global excluyente: Industrial

*Usos compatibles: El resto

Determinación para la gestión y ejecución

Aprovechamiento tipo del área de reparto AR-3 del suelo urbanizable con los suelos de sistemas generales incluidos o adscritos a los sectores para su obtención, 0,85103 m²_{etuc}/m²_s.



13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Óscar Miguel Rodríguez Lema

Visto o escrito presentado por **Óscar Miguel Rodríguez Lema**, de data 24/03/2022 (Registro de entrada nº 5.435), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Rúa Montevixán, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9099947MH9089N0001QL.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/04/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa Montevixán, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9099947MH9089N0001QL.

14.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN EVENTO MUSICAL “BARBANTIA SOUNDS FESTIVAL” EN CASTIÑEIRAS

Vista a proposta da Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira, María José Sampedro Fernández, de data 11/04/2022, na que expón

“1.- Con data 31/03/2022 recíbese solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (Entrada nº 20225922) a nome de Dona Raquel Pazos Maneiro con DNI 53486740X como titular do establecemento Bar O Timón, sito en Castiñeiras, Estrada Xeral 166, interesada na organización un evento musical con motivo da Pascua en Castiñeiras, os días 15 e 16 de abril baixo o nome de “Barbantia Sounds Festival” na zona portuaria de Castiñeiras nas inmediacións do Paseo Marítimo.

2.- O evento consistirá na instalación na zona do porto dunha Discotecamóvil para diversas actuacións musicais o 15 e 16 de abril, de carácter aberto e gratuíto para a cidadanía, en horario de tarde-noite dende as 18:00 h ata o remate que estableza o concello.

3.- Ao tratarse dun evento musical gratuíto, de carácter cultural e que contribúe a dinamizar a parroquia de Castiñeiras durante as vacacións de Semana Santa, é de interese desta concellería colaborar coa organización para o seu desenvolvemento co reforzo de contedores de lixo, limpeza viaria tras os eventos, vixilancia e control policial, tramitación da ocupación da zona portuaria e pago das taxas.

4.- A localización dos concertos terá lugar en zona de dominio portuario polo que, con data 7 de abril de 2022, dende a área de Cultura procédese a realizar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a solicitude de autorización ocupación desta zona (nº de entrada 2022/956679).”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Autorizar a realización en Castiñeiras os días 15 e 16 de abril do presente do evento denominado “Barbantia Sounds Festival” ata o horario máximo das 04:30 h cada un



dos días sinalados de conformidade cos artigos 5 e 7 da Orde de 23 de outubro de 2020 (DOG num.219 do 30 outubro 2020) pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

- Autorizar a colaboración do Concello de Ribeira co reforzo con contedores de lixo nas inmediacións, limpeza viaria tras os días de actividade, vixilancia e control policial así como tramitación da ocupación do solo de dominio público de Portos e pago da taxa correspondente.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

